



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 30 de xullo de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 30 de xullo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23/07/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/3345

Vista a proposta do Axudante-Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción la Junquera, S.L.** para reparación do vehículo matrícula 5479-GJC, por un importe total de 906,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3346

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a cesión ao Concello do vehículo Mercedes Benz 1427F con matrícula 1960KMX, e que será incluído na relación de vehículos cedidos que figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Vilagarcía e a Agrupación de Voluntarios de protección Civil deste Concello, con data 9 de maio de 2017.

PRP2018/3364

Vista a solicitude presentada neste Concello pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA ZONA TIR, con data 20/07/2018 (código rexistro entrada 2018008101), no que solicita ampliación de horario dos establecementos situados na ZONA TIR, así como o informe incorporado a presente solicitude emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:



ESTABLECEMENTO / TITULAR	2.7. ACTIVIDADES DE RESTAURACION	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
PUB HARBOUR TIROCIO SL	2.6.4 Pub	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
SAMA SAMA TIROCIO SL	2.6.4 Pub	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
HIBERNIA TIROCIO SL	2.7.2. Bar, café-bar	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 a 04:00 horas
EL BOCATAZO EL BOCATAZO VILLASAN SL	2.7.2. Bar, café-bar	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 a 04:00 horas
PARADISE JOHN HAROLD POMBROL VILLAVECES	2.6.4 Pub	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.

PRP2018/3365

Dáse conta do escrito presentado por **D. Carlos Antonio González Díaz**, solicitando autorización para a realización de concertos ao aire libre na Praza Martín Gómez Abal e Rúa Juan García os venres de agosto e setembro (do 03/08/2018 ao 14/09/2018), en horario de 22:00 a 00:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para a celebración dos concertos, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3376

Vista solicitude de D. ALENXANDRE RODRIGUEZ HORRO, titular do establecemento "PUB DON PIANO", situado na AVDA. DR. MOREIRA CASAL, 4-BX, así como o informe incorporado ao expediente emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS VISPERA DE FESTIVOS
16/18-AMP.	PUB DON PIANO	ALEXANDRE RODRIGUEZ HORRO	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.



PRP2018/3382

Dáse conta do escrito presentado por María Jesus Monterde García, en representación de **Organización de Discapacidade Sensorial de Galicia, Xoga**, solicitando autorización para realización de contacontos en Praza Ravella o día 04/08/2018 ás 12:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase **conceder autorización**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3407

Dáse conta do escrito presentado pola **Unión de Moteiros Europeos, S.L.** solicitando autorización para ocupar un espazo público para realizar un curso de condución de motocicletas o día 29 de setembro, adxudicado á citada empresa pola Xunta de Galicia Axencia Galega de Infraestruturas, a Xunta de Goberno Local acora autorizar o uso do aparcamento posterior de Fexdega para a citada actividade.

PRP2018/3463

Dáse conta que polo Concelleiro de Seguridade e a Xefa da Policía Local, dende fai mais dun ano se mantiveron conversas con responsables da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de instalar un semáforo en terreos portuarios, co obxecto de regular o paso de peóns dende o Parque Miguel Hernández á entrada do paseo da Praia Compostela.

Asímesmo na acta nº4/18 do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, no apartado de rogos e preguntas figura o seguinte texto:

D. Lino Mouriño manifesta que técnicos do Concello e da Autoridade Portuaria de relacións institucionais están traballando na regulación do tráfico no Ramal e zona McDonald's, que hai puntos de encontro, e que se pode chegar a unha solución.

Tendo en conta que as conversas non frutificaron, acórdase solicitar por escrito a Autoridade Portuaria o seguinte:

A correspondente autorización para instalar dous semáforos en dous lugares da rúa Rivero de Aguilar, un semáforo no actual paso de peóns que conduce do Parque Miguel Hernández ao Paso da Praia Compostela (o paso de peóns atopase ao mesmo nivel do asfalto) e a maiores outro semáforo no paso de peóns inmediatamente anterior e que se atopa elevado e conduce dende o parque Miguel Hernández ao coñecido como parking explanada TIR.

Faise constar que o Concello espera que os semáforos citados contribúan a dar maior fluidez ao tráfico nesa zona, o que redundará en beneficio dos cidadáns.



Tamén indicar por último, que o Concello asume todos os gastos derivados da instalación dos semáforos, así como dos posibles danos que se puideran ocasionar aos terreos de titularidade portuaria con motivo da súa instalación.

PRP2018/3464

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar** para o aluguer de vallas para instalar na Praza de Galicia, rúa Padre Feijoo, con motivo da Festa da Auga, por un importe total de 532,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 338-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/3347

Vista a proposta da Concelleira da Área de Igualdade, en relación coa necesidade de nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a por substitución transitoria de Dona Adriana Beloso Rodríguez, de baixa por IT.

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento dunha persoa da bolsa de educadores familiares, tendo dita persoa a formación acreditada en igualdade de xénero e violencia de xénero, como funcionario/a interino/a a tempo completo, ata a incorporación efectiva da Sra. Beloso Rodríguez. Logo de desfrute de permisos e vacacións regulamentarios que procedan ou ata que desaparezan as causas de urxencia e necesidade que motivaron o seu nomeamento.

PRP2018/3350

Dáse conta de informe proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para o Curso Académico 2018-2019. Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos a Xunta de Goberno Local acorda:

– O nomeamento como persoal funcionario interino preciso para o desenvolvemento do programa temporal de clases do Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2017-2018 que figura actualmente na Bolsa de Traballo creada ao efecto, por un total de 92,5 horas semanais coa seguinte distribución:

Denominación	XORNADA COMPLETA		
	horas lectivas semanais	horas non lectivas semanais	Total horas semanais
Prof. Composición	13	3,5	16,5
Prof. Clarinete	11	2,5	13,5
Pro. Gaita	3	1	4
Prof. Percusión	8	2	10
Prof. Piano	25	5	30
Prof. Trombón	5	1	6
Pro. Trompa	3	1	4
Prof. Violonchelo	7	1,5	8,5
TOTAL	75	17,5	92,5

O citado nomeamento abarcará dende o 1 de setembro de 2018 ata o 31 de xullo de 2019.



PRP2018/3351

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Cambados e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o reforzo do servizo de Policías Locais pertencentes ó cadro de persoal do Concello de Cambados, durante a celebración das festas do Albariño 2018.

A Xunta de Goberno Local prestalle a súa aprobación, facendo constar que 2 policías Locais de Vilagarcía de Arousa aceptaron voluntariamente prestar servizo en Cambados as tardes-noites dos días 3 e 4 de agosto de 2018, por estar disfrutando dos seus días libres nese período. Deberán poñerse en contacto os Xefes da Policía Local de ambas localidades, coa finalidade de levarse a cabo o servizo indicado.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2018/3353

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. L. Enrique Villaverde Prego, en representación de **Manufacturas y Distribuciones Salnés**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda **non concederlle a axuda solicitada**, por non cumprir os requisitos establecidos na base Sexta, parágrafo 3 da convocatoria, dado que segundo se desprende da documentación obrante no expediente, a traballadora contratada veu prestando servizos interrompidamente para a empresa solicitante dende o ano 2014 mediante sucesión de contratos de distintos períodos de duración.

PRP2018/3354

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por Dona Esther Sanntos Del Val **e/n Frutería Carro C.B.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3355

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. Manuel Rey Paz e/n **Jelfimar, S.L.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.250,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.



PRP2018/3356

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por D. Manuel Rey Paz, en representación de **Jelfimar, S.L.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/3357

Dáse conta de modificación da Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 25 de agosto de 2018, de concesión de subvención, por importe de 140.188,65€, relativa ao Proxecto de Obradoiro de Emprego Labor@ Xove 17 (Exp. 36/00029/2017), para 15 alumnos/as traballadores/as, reducindo a contía a 138.837,80 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Mercados

PRP2018/3352

Vista a solicitude de **Dona Eva Torrado Valoiras** e o informe do Xefe de Mercados, acórdase autorizar o cambio de titularidade por transferencia ó seu nome do posto nº38 da praza do peixe de Vilagarcía de Arousa, xa que cumpriu o preceptuado no artigo 16 do Regulamento Municipal de Mercados, pagando ó Concello os dereitos de traspaso de dito posto, e solicitando súa titularidade axuntando o ingreso bancario e carta de pago que o acredita.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/3363

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e Xuventude, para levar a cabo o programa “ A Vila do Mañá” dirixido a nenos e nenas participantes nos distintos campamentos urbanos do municipio de Vilagarcía, do 6 ao 10 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de dito programa por importe total de 6.229,00€, con cargo á partida 2314-22624, coa seguinte desagregación:

- Adxudicar o programa A Vila do Mañá á empresa que o ven desenvolvendo xa en varios municipios do noso contorno: Sandra González Álvarez, por importe de 5.929,00€(IVE engadido)
- Cobertura dun seguro de accidentes para os/as 60 participantes, de Mapfre España, S.A., por importe de 300,00€.

Ademais acórdase:



- Aprobar a limpeza das instalacións do Anexo A Lomba: os días 6, 8 e 10 de agosto, con cargo ao contrato da empresa Clece, e con cargo á bolsa de horas da citada empresa a limpeza dos días 7, e 9 de agosto.
 - Corte do tráfico da Rúa Conde Vallellano o día 9 de agosto en horario de 10 a 14 horas e posibilidade de corte de dita rúa o día 10.
 - Autorizar a cesión de material por parte do departamento de obras.
- Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2018/3359

Vista a proposta do Concelleiro de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do seguro para as 3 pezas en cesión de uso e depósito pola Fundación de Ferrocarrís Españois (reloj de andén, grúa hidráulica e Marquesina) suscrito con **Mapfre España, S.A.**, por un importe total de 404,04€ (IVE incluído), con cargo á partida 432-224.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Medio Ambiente

PRP2018/3360

Vista a proposta do Concelleiro de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Maderas J. Redondo S.L.** para subministro dos cubre colectores de lixo para a praza de abastos, por un importe total de 922,99€ (IVE incluído), con cargo á partida 4312-22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/3358

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos para a realización de dúas actividades complementarias nos obradoiros de cociña e tempo libre en clave de xénero, que se realizan en cinco centros culturais de Vilagarcía organizados pola Área de Igualdade CIM "por un importe total de 1.234,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615. (Prox. 3 nº 16/2018), coa seguinte desagregación:

- Experiencias de marisqueo a pé nos parques de cultivo de carril, pola Asociación Amarcarril, por un importe de 302,5€.
- Roteiro do barro na parroquia de Bamio pola Asociación de Mulleres Rurais de Bamio por importe de 250,00€.
- Autobús para traslado empresa Pereira, S.L. por importe de 400,00€
- Seguro de accidentes suscrito con Allianz por importe de 282,48€.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/3316

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local aprobar o convenio de colaboración coa entidade **Revenidas C.B.** e súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 28.491,31€ con cargo á partida 334.479, para a celebración do Festival Revenidas 2018.

PRP2018/3377

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato e súa posterior sinatura coa empresa **RLM S.A.U.** para actuación do cantautor Fredi Leis o día 10 de agosto de 2018 no Parque a Xunqueira, por importe total de 7.986,00€(ive engadido) con cargo á partida 338-22699.

PRP2018/3378

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato para a súa posterior sinatura entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as Distintas Axencias colocadoras de artistas: Escenarios Moviles Vika, S.L. actuación Orquesta Marbella por importe de 6.050,00€, Espectáculos Reyval, S.L. actuación empresa New York por importe de 6.655,00€, Orquesta Gran parada, S.L. por importe de 13.310,00€, para celebración das verbenas os días 9, 13 e 18 de agosto con cargo á partida 338-22699.

PRP2018/3379

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato para a súa posterior sinatura con Juan Carlos Cambas Outeda, para actuación o día 17 de agosto no Parque a Xunqueira, por importe total de 7.260,00€(ive engadido) con cargo á partida 338-22699.

PRP2018/3380

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local adxudicar o contrato para a súa posterior sinatura coa empresa Ouri Producciones Artística, S.L. para o desfile de carrozas o día 19 de agosto de 2018, por importe total de 14.520,00€(ive engadido) con cargo á partida 338-22699.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/3361

Dáse conta da resolución da Deputación de Pontevedra, concedendo ó Concello unha subvención para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural para "Obras



Menores de reparación no Edificio de Servizos Socio-Comuniatrio do Ramal”, por importe de 27.923,36€. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3362

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar dirección técnica do Arquitecto redactor dos proxectos D. Iago Fernández Puentes, das seguintes obras e polos importes indicados, con cargo á partida 150-640.

Dirección de obra e documentación fin de obra “Escola infantil de Vilaxoan”	5.500,00€
Dirección de obra “Renovación de varandas na contorna de Vista Alegre”	1.500,00€
Dirección de obra “Mellora da accesibilidade da Travesía Alexandre Cerecedo	1.500,00€
Dirección de obra “Renovación Urbana da contorna de Matosinhos, 1ª fase	4.500,00€
Dirección de obra “Renovación de varandas na contorna de Vista Alegre 2ª fase	1.500,00€
Asesoramento técnico para o desenvolvemento dos traballos das memorias valoradas	240,00€
Total 14.740,00€(sen IVE)	

PRP2018/3372

A Xunta de Goberno Local vista a acta da Mesa de Contratación, acorda adjudicar a Pirotécnica Penide, S.L. os servizos de pirotecnia e iluminación para as festas de San Roque 2018, por importe de 44.013,75€ (ive incluído), que se desglosa do seguinte modo:

Servizo de fogo detonante festas S. Roque		Prezo del espectáculo pirotécnico y de iluminación denominado “Combate Naval”	
Prezo sin IVA	900,00€	Prezo sin IVA	35.475,00€
IVA	189,00€	IVA	7.449,75€
Importe total	1.089,00€	Importe total	42.924,75€

Xunto coas melloras ofertadas seguintes:

- Aumento do fogo detonante das festas de San Roque ó dobre de disparos que se propoñen nas prescricións técnicas. En total serán 288 disparos no lugar de 144 contemplados no prego.
- Contratación dun vixiante de seguridade de explosivos, con arma, pertencente á empresa de seguridade privada, dende a chegada á zona de lanzamento ata o inicio do disparo do espectáculo.

PRP2018/3374

O Concello de Vilagarcía de Arousa con cargo ao POS/2017 tiña incluída a obra “Pista Multideportiva en Os Duráns” cun presuposto de 50.000,00€.

Na actualidade o Concello renuncia á execución da citada obra, e solicita á Deputación a súa substitución pola seguinte obra “Mellora de accesibilidade na Rúa Os Duráns”.

A súa vista, a Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación do proxecto técnico de “Mellora da accesibilidade na Rúa Os Duráns” redactado polo Arquitecto Municipal Xoan Xose Rodríguez Cuíña, cun orzamento de 48.397,39€(IVE engadido). (adxuntase o proxecto técnico)

Acórdase así mesmo solicitar da Deputación Provincial a inclusión desta obra no POS/2017 en substitución da Pista Multideportiva dos Duráns.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/3465



Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión do informe de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 2º trimestre de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3466

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Lumieira, Rehabilitación y Renovación Urbana SL**, polo importe de 7.643,17 €, da factura nº 2018 06 (Rex. 18/5027), correspondente a consultoría e asistencia técnica para a prestación de servizos dun equipo multidisciplinar na Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao mes de xuño de 2018, con cargo á partida orzamentaria 1522.22719.

PRP2018/3467

Dáse conta do informe de convalidación do gasto da Concelleira de Cultura e o recoñecemento de obrigación a favor de **Clece, S.A.**, polo importe de 33,54€, da factura 02148000013518F (Rex.18/5048), correspondente ó servizo extraordinario de limpeza nas instalacións da praza da pescadería o domingo 10 de xuño con motivo dos concertos organizados pola Concellería de Cultura, con cargo á partida 334-22700.

PRP2018/3468

Dáse conta do informe de convalidación do gasto da Concelleira de Cultura e o recoñecemento de obrigación a favor de **Clece, S.A.**, polo importe de 135,68€, da factura 02148000014118F (Rex.18/2036), correspondente ó servizo extraordinario de reforzo de limpeza nas instalacións do Auditorio Municipal o domingo 17 de xuño, con cargo á partida 334-22700.

PRP2018/3469

Visto o informe de intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Baygar, S.L.**, polo importe de 166,83€, da factura nº Emit-18004616 (Rex. 18/5078), correspondente ó aluguer no mes de xuño de valado móbil para o perímetro do Castro Alobre, con cargo á partida orzamentaria 150-203.

PRP2018/3470

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Asociación Coral Rosalía de Castro**, polo importe de 100,00€, da factura nº 3/18 (Rex. 18/4836), correspondente á actuación na



romaría das persoas maiores o día 09 de xuño de 2018, con cargo á partida orzamentaria 2313-22634.

Acórdase así mesmo o reintegro do importe sobrante de 240,00€ á partida correspondente.

PRP2018/3471

Visto o informe da directora do Conservatorio Profesional de Música, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Serigal 4**, polo importe de 859,96€, da factura nº Emit-565 (Rex. 18/5414), correspondente á adquisición de diverso material de merchandising para o festival internacional de música ClasClas, con cargo á partida orzamentaria 3261-22602.

Acórdase así mesmo o reintegro do importe sobrante de 96,76 á partida correspondente.

PRP2018/3472

Visto o informe da directora do Conservatorio Profesional de Música, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Pazo O Rial, S.A.** polo importe de 5.962,02€, da factura nº E 73346 (Rex. 18/5437), correspondente ós gastos de aloxamento no Hotel Castelao dos mentores do festival internacional de música ClasClas, con cargo á partida orzamentaria 3261-22602.

Acórdase así mesmo o reintegro do sobrante por importe 221,73€ con cargo á partida correspondente.

PRP2018/3566

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local do día 04/06/2018 de recoñecemento de obriga a favor de Dona María Pérez Padrón.

Onde dí:

“recoñecemento de obrigación a favor de Dona María Pérez Padrón...”

Debe dicir:

“recoñecemento de obrigación e prórroga do contrato por un ano (01/05/2018-30/04/2019) a favor de Dona María Pérez Padrón....”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

PRP2018/3567

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Rodisa, S.L.**, pola reparación do Camión matrícula 5738-FKD do servizo de saneamento de data 28-02-2018 das facturas e polos importes que se relacionan, con cargo á partida 161-214.

Nº REXISTRO	Nº FRA.	DATA	IMPORTE	DESCRICIÓN
F/2018/4761	Rect-emit 65891	28-02-18	572,21	Reparacións vehículo 5738FKD
F/2018/4762	Rect-emit 65890	28-02-18	269,05	Reparacións vehículo 5738FKD



			841,26	
--	--	--	--------	--

PRP2018/3568

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Dona María Pérez Padrón**, polo importe de 1.085,00€, da factura 19 (Rex. 18/5823), correspondente a honorarios polos servizos prestados como letrada da Área de Igualdade durante o mes de xullo de 2018, con cargo á partida orzamentaria 2312.22604.

PRP2018/3569

Vista a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó patrocinio Foro Voz Tercera Edad.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Corporación Voz de Galicia, S.L.U.** polo importe de 3.025,00€ (IVE incluído), da factura nº P18 000588 (Rex 18/3470), con cargo á partida orzamentaria 2313-22634.

PRP2018/3570

Visto o informe de intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **D. Joaquin Lustres Carregal**, polo importe de 1.585,10€, da factura nº E 22(Rex. 18/4810), pola coordinación e humanización da Praza de Galicia e un tramo de Padre Feijoo correspondente á certificación 1 e liquidación, con cargo á partida orzamentaria 150-640.

PRP2018/3571

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Enrique Porto Rey**, polo importe de 230.082,72€, en virtude da sentenza de 08 de febreiro de 2017, da seccion terceira da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, proc. Ordinario nº 7075/2011, polo xustiprezo dos terreos na Avda. Rivero de Aguilar, con cargo á partida orzamentaria 151-600 Proxecto (2) nº01/04/2018.

PRP2018/3572

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Delegacion de Economía e Facenda de Pontevedra**, polo importe de 16.380,00€, da liquidacion nº 118172460143M, pola adquisición dun terreo de 65 m² sitios no paseo marítimo da Praia de Compostela, con cargo á partida orzamentaria 432-60000. Proxecto (2) nº01/10/2018.

PRP2018/3573



Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 1.144,30€, con cargo ás partidas que se indican: (Rel. F/2018/85):

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/4996	2018 334 213	263,24	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / ASCENSOR / AV. MARIÑA, 27 / AV. MARIÑA, 27 // SERVICIO DE TELEFONÍA MOVIL
F/2018/4997	2018 320 213	188,87	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / C/ MARXION, 6 / C/ MARXION, 6 // SERVICIO DE TELEFONÍA MOVIL / Man
F/2018/4998	2018 920 213	67,64	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / PRINCIPAL / POLICIA LOCAL / GARAXE / PL. RAVELLA, 1 / PL. RAVELLA, 1 /
F/2018/4999	2018 453 213	52,03	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / PUERTA PEQUENA / PUERTA GRANDE / CM. A PANTRIGUEIRA, S/N / CM. A PANTRIGUEI
F/2018/5000	2018 459 213	62,96	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / PL. DA ESTACION / PL. DA ESTACION // SERVICIO DE TELEFONÍA MOVIL /
F/2018/5001	2018 3321 213	67,81	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 // SER
F/2018/5002	2018 920 213	121,75	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA // SERVICIO DE
F/2018/5003	2018 453 213	68,68	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / POL. IND. PANTRI GUEIRA, S/N / POL. IND. PANTRI GUEIRA, S/N // SER
F/2018/5004	2018 135 213	26,02	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICA / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 /
F/2018/5005	2018 4312 213	99,90	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / ASCENSOR / C/ ALEXANDRE BOVEDA N° 5 / C/ ALEXANDRE BOVEDA N° 5 // SERVICIO
F/2018/5006	2018 2311 213	62,96	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / UNICO / AV. JUAN CARLOS, 1 / AV. JUAN CARLOS, 1 // SERVICIO DE TELEFONÍA M
F/2018/5007	2018 4312 213	62,44	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO KONE CARE PREMIUM / Mantenimiento / ALEXANDRE BOVEDA / ARCEBISPO LAGO / GARCIA CAAMANO / C/ ALEXANDRE BOVEDA N°
TOTAL		1.144,30		

PRP2018/3574

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Asociación Cultural Galiza Blues**, polo importe de 36.263,70€, da factura nº EM2018 1 (Rex. 18/5689), correspondente á contratación das actuacións pola "Vilablues 2018", con cargo á partida orzamentaria 334-22609.

PRP2018/3575

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Mulas Producións, S.L.**, polo importe de 13.733,50€, da factura nº35-2018 (Rex. 18/5535), correspondente á produción técnica e promoción do festival Vilablues 2018, con cargo á partida orzamentaria 334-22799.



Rendas

PRP2018/3413

Por escrito de 20 de xullo de 2018, a Secretaria da Escola Municipal de Música remite ao Negociado de Rendas a relación dos alumnos inscritos na mesma, que teñen que ingresar o prezo público pola utilización da Escola e a impartición das ensinanzas de música, correspondente ao período 1º pago do curso 2018-2019.

Unha vez confeccionado o correspondente Padrón de obrigados segundo a información contida no escrito de referencia, a Xunta de Goberno Local acorda a súa aprobación, co número de recibos e importe seguinte:

- Nº de recibos: 376
- Importe: 38.644,25€

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.